



Non unha, senón dúas son as casas da bisbarra que foron obxecto de proxectos de rehabilitación cas converteron en exemplos salientables para o Colexio de Arquitectos de Galicia na provincia de Pontevedra. A Casa Aguirre, no casco vello de Baiona e a casa rural localizada a carón da igrexa parroquial de Chaín obtiveron o Premio Gran de Area 2014, entre máis de 60 inicialmente propostas ao xurado. O estudo madrileño de Gabriel Carrascal Aguirre e Sergio Martín Blas, é o responsable do proxecto baionés. O estudo de Antonio Soliño Troncoso, da rehabilitación e ampliación da finca rural de Chaín. Este arquitecto gondomareño acada así a cuarta premiación consecutiva, pois xa obtivera o mesmo galardón polos proxectos “Vivenda unifamiliar para un xoven músico e parella en Saíans” (2011), “Rehabilitación e ampliación de vivenda en Donas” (2012) e “Rehabilitación de vivenda en Saíans” (2013)

.Unhas “maltratadas ruínas” foron o punto de partida do proxecto en Chaín

“A recuperación e posta en servizo dunhas maltratadas ruínas, emprazadas a carón da igrexa parroquial e interesante adro rural de Chaín, foi o punto de partida para o proxecto ”, sinala Soliño no resumo da memoria do proxecto premiado. Salienta que a concepción, formalización e materialización deste traballo “

quixo atender á correspondente contextualización no tempo

”.

Afirma que o programa foi manexado por unha parella moza, titulares da casa rural. Micaela Sinde Stoppel e Pedro Camacho Vázquez, cunha licenciatura en belas artes, de quen salienta

a súa postura de “*respecto polos valores etnográficos e paisaxísticos*” da finca, aínda o seu estado antes da rehabilitación e ampliación.

Solucións baseadas no contexto do adro e a paisaxe de Chaín.

Advirte que eles foron os “*desencadeantes*” da solución atopada. Primeiro a inclusión estrutura de madeira da cuberta “*que acubilla a presenza diúrna da familia coma se dun bandullo de balea, de lembranza infantil, se tratase*”. E segundo, a decisión de enterrar a planta baixa, “*mudando a altura libre interior*” e así evitar cambiar a silueta preexistente da construción.

Engade Soliño que “*ademais, o aumento de volume bota man dunha relación cromática e material propia -a mesma que presentaba a igrexa ata que lle repicaron a revocadura- procurando non arrimarse mediante materia opaca á peza base; agás na herdada adición pétrea á que se lle muda a volumetría para, entre outros obxectivos, deixar en evidencia a súa condición de engadido*”.

Ciclo de conferencias dos arquitectos premiados.

A carta edición do Premio Gran de Area, recoñeceu un total de 15 proxectos arquitectónicos da provincia situados nos concellos de A Estrada, A Guarda, Gondomar, Vigo, Bueu, Silleda, Baiona, Forcarei e Mos. Todos os galardoados participarán nun ciclo de conferencias a desenvolverse nos meses de outubro e novembro.